WIKIPEDIA

Lingua tuvalesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **tuvalés**[1] é unha lingua polinesia do grupo Elliceano, falado principalmente en Tuvalu, onde é lingua oficial. Está distantemente relacionado con outras linguas polinesias como o hawaiano, o maorí, o tahitiano, o samoano e o tongano, e está máis relacionado con idiomas falados no norte e centro de Melanesia e parte de Polinesa. Existen 13.051 falantes de tuvalés no mundo, dos cales 10.670 viven en Tuvalu.

Non ten regulación oficial e é só oficial en Tuvalu.

Lingua tuvalesa ***Nganana Tuvalu***	
Falado en:	Tuvalu Fidxi
Rexións:	Oceanía
Total de falantes:	13.051 (10.670 en Tuvalu)
Familia:	Austronesia Malaio-polinesia Centro-oriental Malaio-polinesia oriental Oceánica Oceánica centro-oriental Oceánica remota Pacífico central Fidxiano-polinesia oriental Polinesia Polinesia nuclear Samoica Eliceana **Lingua tuvalesa**
Escrita:	Latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Tuvalu
Regulado por:	-
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`tvl`
ISO 639-3:	`tvl (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=tvl)`

Índice

Gramática

O sistema fonético tuvalés componse de cinco vogais (a,e,i,o,u) e 10 ou 11 consoantes (p, t, k, m, n, ng, f, v, s, h, l), dependendo do dialecto. Todos os sons existen en formas curtas e longas, que contrastan entre si. Hai catro artigos posibles en tuvalés: definido singular *te*, indefinido singular *se*, definido plural nulo e indefinido plural *ne* ou *ni* (dependendo do dialecto). O verbo pode ir no inicio ou no medio da oración, e a orde de suxeito, obxecto directo e obxecto indirecto é relativamente libre. O adxectivo xeralmente segue o substantivo.

Dialectos

Cada illa ou atol ten o seu propio dialecto, agrupados en dúas bandas: os dialectos do norte, que se falan en Nanumea, Nanumaga, Niutao e Niulakita; e os dialectos do sur, que se falan en Funafuti, Vaitupu,

Nukufetau e Nukulaelae. Todos os dialectos son intelixibles para os tuvalu-parlantes. O idioma oficial do país toma como referencia os dialectos de Funafuti-Vaitupu.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/tuvalés) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/tuvalés) para *tuvalés*.

Véxase tamén

Bibliografía

- Niko Besnier, 1995, *Literacy, Emotion, and Authority: Reading and Writing on a Polynesian Atoll*, Cambridge University Press
- Niko Besnier, 2000, *Tuvaluan: a Polynesian language of the Central Pacific*, Routledge

Ligazóns externas

- O tuvalés no Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=ELL) *(en inglés)*
- Gramática de tuvalés (http://www.tuvaluislands.com/lang-tv.htm) *(en inglés)*